



ENCERADO DIXITAL DE SMART

O uso do encerado pódese dividir en **3 modalidades**:

- Como unha **pantalla de proxección táctil**. Onde o “rotulador” ou o noso dedo, funcionan como rato. Para isto non é necesario sequera activar o software. Basta con ter o USB do encerado conectado co ordenador e “pinchar” na zona da pantalla onde está a funcionalidade que queremos utilizar.
- Como unha **transparencia** superposta sobre calquera programa, na que podemos facer anotacións. Para isto hai que ter activa dita aplicación e premer sobre os botóns de debuxo (lapis, goma, ...) da barra de ferramentas flotante. Aparece un marco na pantalla que nos delimita a transparencia.



- Como un **encerado**. No que podemos escribir de xeito semellante ao encerado tradicional ou facelo engadindo interactividade. Para isto, basta con premer no botón  (caderno de notas) para abrir o programa Smart Notebook:





Rotuladores, de varias cores e trazos.




Rotulador de formas, que cun simple esbozo de figura (liñas rectas, círculos, polígonos) debúxaos correctamente.



Goma de borrar. Ten tres tamaños, serve para corrixir o que facemos cos rotuladores.



Botón desfacer. Realiza unha volta atrás na orde inversa á que fixemos ás cousas.




Operacións fundamentais

- **Avanzar e retroceder páxinas.**  Permite moverse polas distintas páxinas que contén o documento para visualizalas na pantalla.
- **Gravar unha páxina.** *Ficheiro, -> Gardar como..* Como nas aulas Abalar o PC do profesor compártese entre moitos, recoméndase gardar as pantallas en cartafolios organizados por materias.
- **Seleccionar co punteiro obxectos** da pantalla.  Ao seleccionalos aparecen remarcados cunha liña descontinua e dous botóns en esquinas opostas. Permiten movelos e cambiarlles o tamaño. Con esta selección tamén podemos...
- **Cortar, copiar e pegar.** Pódese utilizar non só co escrito/ debuxado na encerado, senón tamén con calquera imaxe da web ou doutras aplicacións de Linux. Podemos realizar a mesma función premendo no botón dereito do rato e seleccionándoa, ou utilizando o botón Pegar  da barra de ferramentas .
- **Barra lateral:**

Convén ter activada  a casilla ocultar automaticamente para dispor de máis espazo no encerado.



Clasificador de Páxinas. Permite ver os “encerados” escritos na sesión. Podemos acceder directamente a cada unha deles, simplemente premendo na imaxe correspondente.



Galería de imaxes. Contén imaxes, arquivos flash, fondos útiles e clasificados por materias (matemáticas, historia, ciencias, ...) para utilizar no encerado sen ter que debuxalas.

Axuntos. Onde gardaremos aqueles arquivos que queiramos vincular ás nosas presentacións.

Propiedades (explícase na páxina seguinte)

Outras funcións prácticas

Na barra de ferramentas temos múltiples botóns con funcionalidades moi útiles. Vemos algún:

Trazar liñas rectas, con distintos trazos:



Inserir texto no encerado



Inserir figuras xeométricas.



Propiedades dos obxectos (debuxados e por debuxar) . Modifica cores, tamaños, trazos...

Traballar en **pantalla completa**  para aproveitar mellor o espazo. Cando se utiliza ábrese unha pequena ventá flotante  que nos permite pasar de páxina e restaurar o modo normal.

Sombra de pantalla.  Permite amosar/tapar zonas da pantalla. É útil por exemplo cando temos un exercicio proposto  e resolto pero non queremos amosar a solución. Funciona sobre calquera aplicación.

Pechar o encerado.

- O **encerado en branco**: basta con pechar na aspa da barra de tarefas de linux. Pregúntanos se queremos gardar as páxinas como un documento de encerado (extensión *.notebook*). Se queremos conservalo debemos gardar o documento nun cartafol do noso ordenador.
- A **diapositiva**: pechar tamén na aspa  e desaparecerán as escrituras que fixemos por encima das aplicacións. Neste caso non se gardan. (se queremos gardar unha imaxe do escritorio teremos que facer unha captura que se gardará nun documento de Notebook)

Ocultar, mostrar e minimizar e personalizar a barra flotante do encerado.



En principio non debéramos desactivar esta ferramenta, pero si que pode ser útil “minimizala”, é dicir, facer que non nos ocupe espazo para escribir no encerado. Para minimizala basta con pulsar sobre as dúas frechas que contén dita barra e seguiremos vendo a pestana que nos da acceso a ela. Coas frechas invertidas, basta con premer nelas para reabrila.

Esta barra as veces non está visible. Para arranxalo, podemos quitala e volvela a poñer. Para isto debemos:

- 1º. Ir á barra de tarefas de linux e premer no botón do encerado 
- 2º Elixir a opción “ocultar obxectos flotantes”.
- 3º Volver á barra, ao botón do encerado e premer en “amosar obxectos flotantes”

Para personalizar a barra de ferramentas flotante, prememos en “axustes”  e engadimos ou quitamos os botóns arrastrándoos.

As ferramentas **calculadora** e **teclado** da barra flotante son independentes do encerado e funcionan sobre calquera aplicación. O teclado é moi útil por exemplo cando queremos facemos unha busca en google escribindo sobre o encerado.

Orientar o encerado.

Debería non ter que facerse salvo en **situacións excepcionais**. Se ninguén a toca, debe estar sempre ben calibrado.




- Pódese facer cando se inicia o encerado no botón  **Orientar**
- Tamén se pode ir dende o cartafol *SMART Technologies* do menú de programas do Sistema Operativo.

Ferramentas de SMART Board

Menú SmartBoard		Presiona a icona na parte inferior dereita da pantalla
Software de Notebook		Para realizar páxinas interactivas
Gravadora		Gravar todas as accións que ocorren na EDI, con ou sen son
Reprodutor de vídeo		Reproducir vídeos
Teclado		Escribir ou mudar texto sen saír da EDI
Calculadora		Calculadora
Ferramentas flotantes		Acceso rápido a ferramentas de uso frecuente
Sombra de pantalla		Mostrar información de maneira paulatina
Reflector		Centrar a atención nunha zona, mudando a forma e transparencia
Lupa		Agrandar textos ou imaxes pequenas
Punteiro		Dirixir a atención a unha zona determinada
Captura de pantalla		Captura de un área, ventana o escritorio completo
Panel de control		Configurar opcións de hardware e de software e orientar a EDI
Personalizar ferramentas		Configurar as ferramentas

Barra de ferramentas de SMART Notebook

Ir á páxina anterior			Activar SMART Document Camera
Ir á páxina seguinte			Táboa
Agregar unha páxina			Seleccionar ferramenta/obxecto
Abrir un documento			Rotulador
Gardar un documento			Rotulador creativo
Pegar			Borrador
Desfacer			Liña
Refacer			Formas
Borrar			Recoñecemento de forma
Mostrar/ocultar sombra de pantalla			Rotulador máximo
Vista de pantalla completa			Recheo
Activar/desactivar modo de páxina dobre			Texto
Propiedades			Captura de pantalla



Ideas de traballo:

- Como **encerado común**, con múltiples posibilidades de traballo adicionais:
 - o Trazo de liñas rectas, figuras, ...
 - o Mover cousas escritas dunha zona a outra do encerado, quedando así co máis importante.
 - o Dispoñer de varios encerados simultaneamente, pasando páxina.
 - o Gravar e recuperar clases de días anteriores, incluso é posible gravar as clases mentres se escribe e reproducilas posteriormente.
- Como **proxector**. Podemos ter unha pantalla de ordenador xigante para explicacións:
 - o Páxinas web, onde podemos ir avanzando polas ligazóns.
 - o Programas ofimáticos: LibreOffice Writer, Calc, Impress, Isto serviríanos para manipular textos en linguas, ver enunciados de problemas, facer cálculos, exposicións nosas ou dos nosos alumnos,
 - o Aplicacións informáticas de cada materia: matemáticas, plástica, música, historia, ciencias, idiomas, En especial, aplicacións das instaladas nos PC dos alumnos e actividades feitas con ferramentas de autor: jClic, Ardora, EdiLIM, Exelearning, etc.
 - o CD das editoriais, con explicacións, actividades, esquemas,
 - o Para ver vídeos de Cds, aloxados en internet ou incluso videoconferencias, webminars, etc
- Combinando ambas utilidades:
 - o Traballar por encima de imaxes importadas, facendo marcas sobre mapas en xeografía, imaxes de animais en ciencias, elementos dunha habitación en idiomas,
 - o Facer traballos sobre textos en linguas: Corrixir faltas de ortografía, análise sintáctico, completar palabras, expresións, etc.
 - o Aprender a manexar aplicacións na “nube” sobre as propias páxinas web, ou sobre programas informáticos, resaltando ligazóns, botóns, cadros de texto,
 - o Engadir anotacións sobre aplicacións ou traballar sobre páxinas web. resaltando detalles, sobrescribindo con transparencias, etc.
 - o Para facer correccións públicas de exercicios de alumnos ou para que eles poidan expoñer os seus traballos.